

Ciclo de conferencias sobre T.I.C. no ámbito da Enxeñería Técnica Industrial

Conferencia 5ª - 28 de xullo

“Ferramentas de software libre para enxeñería”

Estimado/a compañeiro/a:

Como continuación á conferencia precedente: “O software libre como alternativa”, preténdese iniciar ao participante na instalación e uso de aplicacións e ferramentas coñecidas de software libre aplicables sobre todo no ámbito da enxeñería.

Daranse referencias e orientación sobre aplicacións dispoñibles para a súa utilización en lugar de software privativo, tanto en relación a sistemas operativos como ferramentas ofimáticas, utilidades diversas, aplicacións para cálculos de enxeñería, aplicacións CAD, etc.

Relator: D. Rafael Davila Rama (Ver no dorso)

Data e horario: 28 de xullo de 2011, de 18:00 a 22:00 horas.

Lugar: Salón de Actos de COITIVIGO.

Nº de Prazas: Aforo do Salón de Actos.

Cuota: Gratuita, previa inscrición.

Cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO REGIONAL
"Unión europea de hacer Europa"



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica

Contidos: (Ver no dorso)

Inscrición: A través da Web de COITIVIGO
(<http://www.coitivigo.es>), na súa páxina de inicio ---->



Documentación: No mesmo apartado da Web dispórase dun acceso específico para utilización neste actividade. Nesta Web os participantes terán á súa disposición a información relativa á conferencia e a documentación para o seu seguimento.

Nota: A asignación de prazas realizarase por rigorosa orde de inscrición e aos seleccionados comunicáraselles por e-mail a dispoñibilidade de praza. Se a demanda o xustificase, trataríase de trasladar esta conferencia a outra localización, o cal comunicárase oportunamente.

A data límite para a recepción das inscricións remata o *Mércores, 27 de xullo.*



José Manuel Jardón Quelle
Poñente de Formación

BREVE CURRÍCULUM VITAE DO RELATOR:

Formado como Técnico Superior en Desenvolvemento de Prototipos Electrónicos.

Enxeñeiro Técnico Industrial en Electrónica Industrial e con Curso de Posgrao de Deseño de Microprocesadores Empotrados en FPGAS na Universidade de Vigo.

Con experiencia en redes informáticas, sistemas operativos MacOSX, Solaris, Linux (Debian, Ubuntu, RedHat), Windows.

Creación de aplicacións a través de Internet e páxinas web.

Experiencia dende o ano 2000 ata a actualidade como traballador de EMSAC S.L., entre as atribucións inclúense a recuperación de datos, mantemento de hardware e software en distintos sistemas operativos, deseño de sistemas Layher, robótica e sistemas de son.

Traballos esporádicos para TVG, TVE.

Bolseiro pola Universidade de Vigo aplicando coñecementos en deseño de páxinas web e aplicacións, SQL, Apache, Snort, Seguridade e vulnerabilidade en servidores, servizos de correo, etc.

Bolseiro para a administración e mantemento de equipos informáticos e instalacións durante o curso 2009-2010.

RESUMEN DE CONTIDOS DA CONFERENCIA:

- Aplicacións libres vs. de balde.
- S.O. Linux, avantaxes en contornos multiusuario.
- Recursos ofimáticos: OPENOFFICE, NEOFFICE, etc.
- Ferramentas de uso xenérico: PDFCREATOR (SOURCEFORGE), THUNDERBIRD, SUNBIRD, GIMP, proxectos SOURCEFORGE.
- Matemáticas e cálculo avanzado: GNUPLOT, OCTAVE.
- Ferramentas de Enxeñería e CAD: Ferramentas específicas de cálculo, Ferramentas de CAD, EAGLECAD (de balde pero non “opensource”).
- Internet e “Cloud apps”: DROPBOX e similares, VIMEO e similares, GOOGLE.
- Servidores e servizos: MYSQL - PHP - APACHE, Servidores de correo, Bases de datos unificadas na rede.
- Venta online e portais web: CMS para portais (JOOMLA, DRUPAL, WORDPRESS), PRESTASHOP, OSCOMMERCE.
- Outras aplicacións útiles de balde: CAD, antivirus, gráficos, gravación, recuperación de datos, etc.